# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# 2º E.P.

CURSO ACADÉMICO 2021/2022

TITORA: PAULA PENAS BARREIRO

CEIP DE CURTIS

## ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN E XUSTIFICACIÓN 3

2. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA 4

3. COMPETENCIAS CLAVE 6

4. ÁREAS CURRICULARES E BLOQUES DE CONTIDOS 8

5. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS 63

6. METODOLOXÍA 65

7. AVALIACIÓN 72

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 76

9. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN 78

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 79

11. TEMPORALIZACIÓN 82

12. MÍNIMOS ESIXIBLES 84

13. CONCLUSIÓN 87

## 1. INTRODUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Para a realización da presente programación didáctica para o nivel 2º de E.P. teremos en conta a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, *para a mellora da calidade educativa* (LOMCE), a cal, modifica parcialmente á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, *de educación* (LOE). Sinalar que para chegar a esta programación didáctica como último nivel de concreción curricular partimos do primeiro nivel, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, *polo que se establece o currículo de primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e continuamos adaptando o recollido no PE do centro á realidade propia da aula de segundo de Educación Primaria.

Esta programación levarase a cabo durante o curso académico 2021/2022, destacando da mesma que non será unha programación pechada, senón todo o contrario, sendo flexible e incluído calquera proposta ou cambio que axude a levar unha mellor aplicación da mesma.

Polo tanto, o presente documento sérvenos para levar a cabo unha intervención máis eficaz no proceso de ensino-aprendizaxe, favorecendo o logro de obxectivos e competencias, o desenvolvemento integral do alumnado e evitando a arbitrariedade, a improvisación e os tempos mortos. Ademais tentaremos en todo momento traballar a prol da finalidade desta etapa na que se busca a aprendizaxe da comprensión oral, a lectura, a escritura (moi importantes estas dúas no primeiro ciclo desta etapa), o cálculo, a adquisición de nocións básicas de cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo (a través das tarefas e quefaceres do día a día), o sentido artístico e a creatividade (moi vinculados este ano co proxecto do noso centro: namorARTE), así como a afectividade, co fin de acadar unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos para cursar con

aproveitamento os estudos posteriores.

**É preciso destacar que tereremos moi en conta a excepcionalidade que neste novo ano nos volvemos atopar motivada pola pandemia da COVID 19 e que tanto nos está a afectar non só no día a día senón tamén no ámbito académico. Polo que teremos moi en conta as instrucións que parten da Consellería para aplicalas á realidade do noso centro educativo tendo en conta as medidas hixiénico-sanitarias establecidas.**

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos xerais de etapa sinalan as capacidades que esperamos que desenvolvan os nenos/as como consecuencia do proceso de ensinanza-aprendizaxe, cumpren ademais dúas funcións básicas: serven de guía ao proceso e proporcionan criterios para o seu control.

Estes aparecen recollidos no artigo 3 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro (citado anteriormente) e resúmense nos seguintes:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos e o pluralismo dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non

discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e empregar a lingua galega e a castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

**Ante a posibilidade de vernos obrigados a poder ter que traballar de forma non presencial potenciaremos deste xeito o obxectivo e) propoñendo actividades que contribúan a comprender e expresarse oralmente e por escrito de forma adecuada en diferentes, así como potenciar o fomento da lectura.**

**Farase tamén fincapé no obxectivo b) relacionado coa adquisición do hábito de traballo individual, ademais de relacionar todo isto co fin de que o alumno/a desenvolva un espírito emprendedor e que, en definitiva, aprenda a aprender.**

## 3. COMPETENCIAS CLAVE

Segundo a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, *pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*, para acadar as competencias clave traballarase na metodoloxía dende un enfoque competencial a través de tarefas para o logro das propias competencias. O referente fundamental para determinar o grado de consecución das competencias serán os criterios de avaliación e os estándares avaliables de aprendizaxe.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

1. **Competencia en comunicación lingüística**: traballarase, de xeito específico, propiciando situacións nas que o alumnado poda expresar as súas propias vivencias ou dialogue; proporanse ademais actividades para practicar a expresión

comprensión oral e escrita en diferentes tipos de texto e tamén en contextos creados para potenciar o desenvolvemento das catro destrezas: falar, escoitar, ler e escribir.

2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**: traballarase, sobre todo, empregando os números e o cálculo para resolver problemas da vida real; ademais levaranse a cabo actividades a través do uso do método científico para facer investigacións, resolver problemas e saber argumentar a propia opinión.
3. **Competencia dixital**: contribúese con esta competencia a favorecer a capacidade para buscar e seleccionar información de diferentes fontes, comprendéndoa e transformándoa en coñecemento; promoverase tamén o emprego de distintos programas informáticos de procesamento de textos sinxelos.
4. **Competencia en aprender a aprender**: proporanse actividades nas que os nenos/as poñan a proba as súas capacidades, principalmente promoverase o traballo autónomo de cada alumno, así como unha aprendizaxe significativa na que o alumnado irá adquirindo novos coñecementos en base a coñecementos existentes na súa mente.
5. **Competencia en valores sociais e cívicos**: traballarase co grupo de nenos/as a través do fomento do diálogo para a resolución de conflitos na aula, fomentando o respecto cara os compañeiros e as normas de convivencia, así como recoñecendo a riqueza na diversidade de opinións.
6. **Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor**: levaranse a cabo actividades nas que o alumnado deba tomar decisións ou asumir responsabilidades. Esta competencia pon a proba as capacidades dos nenos/as, baseándose na autonomía e no sentido crítico do mesmo.
7. **Competencia en conciencia e expresións culturais**: posibilita o entendemento

das diferentes manifestacións artísticas e culturais, que axudarán ao alumnado a expresar os seus coñecementos, vivencias ou sentimentos, aprendendo a respectalas e valorando a súa importancia dentro do contexto socio-cultural no que se presentan.

## 4. ÁREAS CURRICULARES E BLOQUES DE CONTIDOS

Debemos sinalar neste apartado que, para establecer os diferentes contidos de todas e cada unha das materias que se van a impartir, debemos ter en conta e poñer moito énfase nas avaliacións iniciais aplicadas ao alumnado nas diferentes áreas así como as orientacións oportunas en relación co proceso de ensino-aprendizaxe de cada un dos educandos con respecto ao curso académico anterior.

Nas diferentes áreas curriculares os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe aparecen organizados en bloques:

- ### LINGUA GALEGA E LITERATURA

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes.

Nos intercambios comunicativos orais e escritos interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes cartas, blogs... Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que podan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O

alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe no proceso de descubrimento, como para poder xustificar a interiorización dos contidos.

Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era da internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e as cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico...

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área. A área de Lingua Galega e Literatura articúlase en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.
- **Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.
- **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- **Bloque 4.** Coñecemento da lingua.

- **Bloque 5.** Educación literaria

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato. | ▪ B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | ▪ LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas. | ▪ B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes. | ▪ LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo). | ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSEIEE |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. | ▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais. | ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas). | ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.6. Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | ▪ B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | ▪ LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | ▪ B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | ▪ LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ o | ▪ B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | ▪ B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | ▪ LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.9. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | ▪ B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | ▪ LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | ▪ LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | |

<table>
<tr><td>▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ j<br>▪ o</td><td>▪ B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br>▪ B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.<br>▪ B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</td><td>▪ B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</td><td>▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.</td><td>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td>▪ LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</td><td>▪ CCL</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td>▪ LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE</td></tr>
<tr><td>▪ b<br>▪ e</td><td>▪ B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.</td><td>▪ B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</td><td>▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCT</td></tr>
<tr><td>▪ a<br>▪ b<br>▪ e</td><td>▪ B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.<br>▪ B2.6. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.</td><td>▪ B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.</td><td>▪ LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td>▪ LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.</td><td>▪ CCL</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td>▪ LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.</td><td>▪ CCL<br>▪ CSC</td></tr>
<tr><td>▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i</td><td>▪ B2.7. Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</td><td>▪ B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</td><td>▪ LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal. | ▪ B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. | ▪ LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer. | ▪ B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. | ▪ LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal. | ▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | ▪ LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B3.1. Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.<br>▪ B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos | ▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola. | ▪ LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións,felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | seus elementos (novas, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.<br>▪ B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais).<br>▪ B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.<br>▪ B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). | | ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | ▪ B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | ▪ LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. | ▪ B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión. | ▪ B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. | ▪ LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.<br>▪ B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. | ▪ B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | ▪ LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | |
| ▪ e | ▪ B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.<br>▪ B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. | ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. | ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. | ▪ LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e | ▪ B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.<br>▪ B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. | ▪ B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | ▪ LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | ▪ B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | ▪ LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | ▪ LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.<br>▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos. | ▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | ▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | ▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | ▪ B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados. | ▪ LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | ▪ B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | ▪ LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | ▪ B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | ▪ LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.<br>▪ B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. | ▪ B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | ▪ LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

- ## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

O ensino da área de Lingua Castelá e Literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos/as poidan desenvolverse nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar ao alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo, empregar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades.

Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento debe situarse o ensino da literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. Vai paralela á lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

A área de Lingua Castelá e Literatura articúlase en cinco bloques:

- **Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.
- **Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.
- **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- **Bloque 4.** Coñecemento da lingua.

- **Bloque 5.** Educación literaria

| ÁREA | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.1. Estratexias e normas básicas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, ideas e coñecementos dos e das demais. | ▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais. | ▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe. | ▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. | ▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.3. Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando unha secuencia lineal sinxela. | ▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. | ▪ LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación:<br>▪ - diálogos<br>▪ -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. | ▪ B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula. | ▪ LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.5. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación). | ▪ B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | ▪ LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos…. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á compresión literal. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación. | ▪ B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación. | ▪ LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LCB1.6.2. Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. | ▪ B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses. | ▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias. | ▪ B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís. | ▪ LCB1.8.1. Adecúa a entoación, o volume e o xesto á representación dramática. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B1.5.O traballo en equipo.<br>▪ B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo.<br>▪ B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material.<br>▪ B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | ▪ B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. | ▪ CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | ▪ B1.3.Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. | ▪ CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. | ▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. | ▪ B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | ▪ CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA | | | | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B2.1.Investigamos sobre os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e os uso responsable desta empregando as TIC. | ▪ B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben. | ▪ CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. | ▪ CSC |
| | | ▪ B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. | ▪ CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B2.2.Os ecosistemas da contorna e o ser humano. | ▪ B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles. | ▪ CSB2.3.1.Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | ▪ B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre. | ▪ CSB2.4.1.Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe (a través de fotos, de imaxes da web, libros), comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive. | ▪ B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | ▪ CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CSB2.5.2.Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.4.Realización dun mapa mental cos elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas... e citar algunha característica deles. | ▪ B2.6.Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha características máis significativa destes. | ▪ CSB2.6.1.Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.5.Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais. | ▪ B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. | ▪ CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.6.Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima. | ▪ B2.8.Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. | ▪ CSB2.8.1.Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B3.1.Quen goberna a túa localidade? O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. | ▪ B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. | ▪ CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | ▪ B3.2.Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía... | ▪ CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | ▪ B3.3.Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacifica. | ▪ CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacifica | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ d | ▪ B3.2.A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais,.. | ▪ B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. | ▪ CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B3.3.Investigación sobre as diferentes manifestacións culturais da contorna. | ▪ B3.5.Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. | ▪ CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ e | ▪ B3.4. Os medios de comunicación. Impacto social. | ▪ B3.6.Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais. | ▪ CSB3.6.1.Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B3.5.As profesións. Preparar unha enquisa, para coñecer as profesións das familias do alumnado do centro, analizar cales son a as máis usuais. Indagar sobre todo en aquelas que o alumnado descoñeza, as ferramentas que empregan, responsabilidade, servizos que prestan e comunicar os resultados. | ▪ B3.7.Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire. | ▪ CSB3.7.1.Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CSB3.7.2.Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.6.Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas. | ▪ B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte. | ▪ CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. | ▪ CSC |
| BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h | ▪ B4.1.Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década. | ▪ B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. | ▪ CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ h | ▪ B4.2.O reloxo e o calendario como instrumentos para medir o tempo. A súa evolución. | ▪ B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. | ▪ CSB4.2.1.Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ g | ▪ B4.3.Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución dalgún elemento do espazo próximo (os medios de transporte,os medios de comunicación, a escola como institución, a evolución dalgún aparello), realizando unha árbore xenealóxica dunha persoa, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... | ▪ B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | ▪ CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación. | ▪ B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación. | ▪ CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ j | ▪ B4.5.Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce. | ▪ B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas. | ▪ CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).<br>▪ B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. | ▪ B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia. | ▪ CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.<br>▪ B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.<br>▪ B4.13. Normas de prevención de riscos. | | | ▪ CD |
| | | | ▪ CNB4.4.4. Identifica e expón as principias características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | | | | |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.<br>▪ B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello. | ▪ B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos. | ▪ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ j | ▪ B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas. | ▪ B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron. | ▪ CNB5 2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.) | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas.<br>▪ B5.5. Elementos dos circuítos eléctricos.<br>▪ B5.6. Efectos da electricidade.<br>▪ B5.7. Condutores e illantes.<br>▪ B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo. | ▪ B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica. | ▪ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade. | ▪ B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía.Identificar os beneficios e riscos. | ▪ CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | ▪ B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.<br>▪ B5.11. Importantes descubrimentos e inventos. | | ▪ CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

- ## EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Á hora de abordar a Educación artística, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas, formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

Esta área é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico.

A Educación Artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo.

Establécense tres bloques de contidos:

**Bloque 1.** Educación audiovisual.

**Bloque 2.** Expresión artística.

**Bloque 3.** Debuxo xeométrico.

Cómpre sinalar que, aínda que o proxecto anual deste curso académico no C.E.I.P. de Curtis, se vai a relacionar de maneira interdisciplinar co resto de áreas, ten especial vínculo e cabida coa materia de plástica dado que se vai a desenvolver en torno as diferentes artes (de aí o nome do mesmo: “namorARTE”).

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL | | | | |
| ▪ j<br>▪ e | ▪ B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.).<br>▪ B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). | ▪ B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. | ▪ EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ j | ▪ B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos.<br>▪ B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística.<br>▪ B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto.<br>▪ B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.). | ▪ B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística. | ▪ EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ j<br>▪ e | ▪ B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas.<br>▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. | ▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. | ▪ EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. | ▪ CCEC |
| ▪ j<br>▪ e | | | ▪ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.<br>▪ B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.). | ▪ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial. | ▪ EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo. | ▪ CCEC |
| ▪ j | ▪ B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes | ▪ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). | ▪ EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. | ▪ B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. | ▪ EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias ( maxenta, cian e amarelo ) e secundarias ( verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízaas con sentido nas súas obras. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ J<br>▪ b | ▪ B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo. | ▪ B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características. | ▪ EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc.<br>▪ B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. | ▪ B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. | ▪ EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ j<br>▪ g | ▪ B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.).<br>▪ B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume. | ▪ B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas. | ▪ EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ j<br>▪ h | ▪ B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana. | ▪ B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. | ▪ EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas. | ▪ B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais. | ▪ EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ j | ▪ B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos.<br>▪ B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. | ▪ B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. | ▪ EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ j<br>▪ c | ▪ B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística.<br>▪ B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. | ▪ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. | ▪ EP2.8.1. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. | ▪ CSC |

- ## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Os valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar na vida cívica e social. É importante que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, conforme a valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área de Valores Sociais e Cívicos axuda a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas. Ademais, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, da defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área é formar ás persoas dende o inicio da educación primaria na reflexión e na vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste modo, enriquécense as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen a súa aprendizaxe.

A área de Valores Sociais e Cívicos divídese en tres bloques:

**Bloque 1.** A identidade e a dignidade da persoa

**Bloque 2.** A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais

**Bloque 3.** A convivencia e os valores sociais

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA | | | | |
| ▪ m | ▪ B1.1. O autocoñecemento. A autopercepción. A imaxe dun mesmo/a. As calidades persoais. A percepción das emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional. | ▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e<br>▪ autodescrición de calidades. | ▪ VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ m | ▪ B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Asociación pensamento-emoción.<br>▪ B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. | ▪ B1.2.Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. | ▪ VSCB1.2.1. Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB1.2.2. Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. A realización responsable das tarefas escolares. A motivación. | ▪ B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. | ▪ VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ m | ▪ B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. | ▪ B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. | ▪ VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B1.6. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos. | ▪ B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | ▪ VSCB1.5.1.Participa con interese na resolución de problemas escolares. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS | | | | |
| ▪ m | ▪ B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. | ▪ B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | ▪ VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ m<br>▪ e | ▪ B2.2. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. | ▪ B2.2. Empregar a aserción. | ▪ VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ m | ▪ B2.3. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | ▪ B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | ▪ VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas. | ▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B2.4. O respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.<br>▪ B2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. | ▪ B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | ▪ VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ c<br>▪ m | ▪ B2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. | ▪ B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. | ▪ VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ m | ▪ B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas. | ▪ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. | ▪ VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | ▪ B3.2. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións. | | ▪ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b | ▪ B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, compartir puntos de vista e sentimentos.<br>▪ B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | ▪ VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | ▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B3.5. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. | ▪ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. | ▪ VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar. | ▪ CSC |
| ▪ c | ▪ B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | ▪ B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | ▪ VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndeas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. | ▪ B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo. | ▪ VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. | ▪ CSC<br>▪ CCAC |
| | | | ▪ VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. | ▪ CSC<br>▪ CL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. | ▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ m | ▪ B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de | ▪ B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres. | ▪ VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | mulleres na familia e no mundo laboral e social. | | ▪ VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ c<br>▪ k | ▪ B3.9. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.<br>▪ B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade. | ▪ B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos. | ▪ VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.7.2. Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VSCB3.7.3.Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

## 5. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

### Materiais do alumnado:

Os **recursos materiais** caracterízanse pola súa variedade e o amplo abanico de posibilidades de uso, facilitando así o desenvolvemento das actividades formativas. Nesta liña, priorizarase que o alumnado empregue recursos da vida cotiá, das tecnoloxías e, moi especialmente, aqueles que posibiliten a atención á diversidade; entre os que destacan:

- **Material de área:** neste caso, empregarase diversos materiais relacionados como os libros propios de cada materia (Libro de Matemáticas. Pieza a pieza. Editorial Anaya. Libro de Lingua castelá. Pieza a pieza. Editorial Anaya. Libro Pezas. Editorial Anaya), fichas de reforzo, ampliación e repaso elaboradas pola mestra, libros de consulta e de lectura, cadernos de traballo, láminas ilustradas, tarxetas de letras e números, xogos de linguaxe e de matemáticas, contos, albumes ilustrados, pasatempos, textos continuos e discontinuos, material de refugallo...
- **Materiais ambientais:** empregaranse diferentes tipos de material relacionado coa vida cotiá do alumnado e da súa familia (folletos, catálogos de publicidade, carteis, anuncios, etiquetas, horarios ou receitas), así como diferentes tipos de documentos como envases, rimas, cancións...
- **Materiais audiovisuais e informáticos:** entre os que destacan a cámara fotográfica e/ou de vídeo, o proxector, equipos de vídeo e radio, televisión, reprodutor de CD e DVD, micrófonos, ordenador e pizarra dixital, entre outros.
- **Material funxible:** fai referencia a aquel material de uso común e diario na aula como libros, lapis, goma, cadernos, folios, tesoiras, pegamento, ...

En canto aos **recursos humanos**, estes fan referencia ás persoas que interveñen co alumnado ao longo do curso, tendo en conta o catálogo actual de profesorado, entre os que destacan: o profesor/a titor/a, os especialistas (lingua estranxeira –inglés-, educación física e música), o Departamento de Orientación (mestres de PT e AL), as familias que estarán presentes en todo momento no proceso educativo dos seus fillos/as, persoal especializado, os CFR e os Equipos de Orientación Específicos, entre outros.

No tocante aos **recursos espaciais**, destaca o uso da aula de informática. Nela achegaremos aos nenos/as de 2º ao funcionamento dun ordenador e as súas funcións básicas, a busca e selección de información na rede e a realización de actividades dixitais simples, adaptadas a súa idade e sempre dende un punto de vista lúdico. Fomentarase o tratamento de contidos de diferentes áreas e o desenvolvemendo da PDI do presente curso, centrada na nova realidade educativa.

Tamén se empregará a biblioteca do centro, adaptada á nova situación, empregando unha selección de obras para facilitar o achegamento aos discentes e que será proporcionada polo equipo docente da biblioteca. A biblioteca como fonte de recursos complementará a aprendizaxe do alumnado de 2º, a seguir afianzando o proceso de lecto-escritura.

- **Materiais do profesorado:**
    - Guías didácticas por área.
    - Programación Didáctica de aula.
    - Materiais curriculares (Proxecto Educativo de Centro, Programación Xeral Anual).
    - Fichas de avaliación de contidos.

Rexistro das observacións sistemáticas directas na aula para a avaliación xeral, incluíndo as Competencias Clave.

- Sistema de rúbricas para a avaliación.
- Cadro de seguimento de actitude e boas prácticas (coida o material, ten unha actitude positiva cara o traballo...).

As actividades lectivas continuarán a distancia **no caso de que os alumnos/as deban permanecer nos seus domicilios**, neste caso debemos ter preparados materiais específicos para poder seguir co proceso de ensinanza-aprendizaxe, entre eles:

- Láminas de traballo en formato papel (fichas).
- Fichas interactivas para que os nenos/as se acostumen ao uso do rato e da pantalla (móbil, tablet, ordenador...), co obxectivo de que se inicien no uso dos diferentes medios telemáticos e se familiaricen coas TIC´S (intentando en todo momento inculcarlles os pros e contras do uso e manexo deste tipo de ferramentas e se acostumen a unha búsqueda axeitada en internet así como á potenciación da alfabetización informacional).
- Cisco Webex Meetings, Falemos EDU… (para reunións en liña)
- Abalarmóbil e correo electrónico (como ferramentas para unha comunicación o máis fluída e constante posible coas familias).
- Páxina Web do centro.

## 6. METODOLOXÍA

Tendo en conta o Decreto 105/2014 e o anexo II da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, a metodoloxía levarase a cabo dende a teoría constructivista da aprendizaxe cun enfoque competencial, traballándose este último, de forma globalizadora e integrada,

onde o motor da aprendizaxe sexa a motivación a través da secuenciación de tarefas. Será ademais aberta, flexible, activa e participativa, axustándose o máximo posible ás características psicoevolutivas do grupo de alumnos e alumnas da aula en cuestión.

Deste modo tentaremos dar resposta da maneira máis axeitada posible ás diferentes necesidades do alumnado e facilitaremos recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diferentes motivacións, intereses e capacidades, así como aos ritmos e estilos de aprendizaxe que se poidan presentar de entre a diversidade de educandos aos que vai dirixida esta programación.

Por outro lado, dicir ademais que se fomentará a motivación, a creatividade, a autonomía e a autoestima (como se especifica nalgúns exemplos recollidos en liñas posteriores), partindo sempre dun clima de comunicación, cooperación e armonía nas relacións.

O profesorado partirá da realización de tarefas ou situacións–problema formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver cos seus coñecementos, destrezas, actitudes e valores, tendo en conta ao mesmo tempo a atención á diversidade, así como os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe a través de diferentes modalidades de traballo (individual e cooperativo –sempre e cando a situación sanitaria o permita-).

Para levar a cabo este enfoque teranse en conta os seguintes **principios metodolóxicos:**

- **Axustarse** ao **nivel competencial inicial** do alumnado, é dicir, partir dos seus coñecementos previos. Para iso ao inicio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial en cada unha das materias, o que nos permitirá poder comprobar o punto de partida dos educandos deste nivel.
- **Partir de aprendizaxes simples** e próximas para **avanzar** gradualmente a

outras **máis complexas**, tendo especialmente en conta a contorno do noso alumnado para conseguir que a aprendizaxe sexa o máis significativa posible.

- Espertar o **interese e motivación** do alumnado cara a aprendizaxe e xerar curiosidade, mediante retos, desafíos e tarefas lúdicas (dada a curta idade dos rapaces e rapazas do segundo curso).
- Dar **funcionalidade ás tarefas** que teñan repercusión, é dicir, que sexan capaces de aplicar o aprendido en diferentes contextos da súa vida.
- Usar **estratexias interactivas** como o debate, onde o alumnado poda compartir e construír o coñecemento a través do intercambio verbal e colectivo de ideas, sempre potenciando a educación en valores (como o respecto polas opinións dos demais, e empatía…).
- Ter en conta a **atención á diversidade** presente na aula e así e así poder establecer os mecanismos de reforzo (ou ampliación) oportunos e tentar adecuarse ás necesidades de todos os pequenos e pequenas da maneira máis axeitada posible.
- Dotar de **estratexias de comprensión lectora** de todo tipo de textos e imaxes, xa que a lectura constitúe un factor fundamental no desenvolvemento competencial. De feito, todos os días se dedica un tempo mínimo de lectura diaria (tal e como se establece no Decreto 105/2014, que regula o currículo nesta etapa).
- Asegurar **aprendizaxes significativas**, trátase de que o alumnado conecte e integre os contidos previos cos adquiridos recentemente para que lle sexan útiles na vida (proceso de asimilación-acomodación seguindo teorías de autores como Piaget).
- Favorecer a **aprendizaxe autónoma**, implica asegurar que os nenos/as realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender a

través das súas habilidades e reforzándoas para un mellor e máis proveitoso uso e, polo tanto fomentando a competencia de aprender a aprender.

No referente ás **actividades** que se levarán a cabo nesta programación destacar as seguintes:

- **Actividades de iniciación**: serven para saber cales son os coñecementos previos dos nenos/as e para poñelos en contacto co tema que posteriormente se vai a desenvolver.
- **Actividades de motivación**: empréganse para espertar o interese cara a novas aprendizaxes (desafíos, xogos, retos, actividades lúdicas…).
- Actividades de desenvolvemento: serven para cuestionar os coñecementos previos e adquirir os novos.
- **Actividades de consolidación**: serven para afianzar e aplicar as aprendizaxes asimiladas. Destacar que neste apartado, e dado que nos atopamos no segundo curso e estamos a traballar con nenos e nenas de curtas idades, as tarefas e actividades lúdicas terán especial cabida e botaremos man e moitos momentos de xogos e aplicacións lúdicas para o repaso de contidos como, por exemplo, o *kahoot* (que ademais de ser unha ferramenta motivadora para os discentes, permite ao docente obter información obxectiva sobre determinados contidos).
- **Actividades de avaliación**: actividades destinadas para coñecer as aprendizaxes obtidas ao finalizar o proceso. A corrección das mesmas farase de forma conxunta co alumnado, o que lles permitirá comprobar os fallos, dotándoos así dun carácter formativo e favorecendo ademais a competencia de aprender a aprender.
- **Actividades de reforzo**: dirixidas aos nenos/as con ritmo máis lento que non asimilaron suficientemente os contidos básicos, este tipo de actividades

axúdanlles a afianzalos.

- **Actividades de ampliación**: dirixidas a aqueles alumnos/as cun ritmo de traballo e adquisición rápidos, con este tipo de actividades seguen avanzando na construción dos seus coñecementos.

Destacar que en todas as materias, os contidos serán traballados de maneira interdisciplinar entre si e co proxecto anual de centro. Este último este ano leva por nome “namorARTE” e abarca diferentes tipos de arte dende múltiples perspectivas.

Ademais do anterior, e das actividades programadas nas diferentes áreas participaremos nas propostas dos diferentes equipos e desenvolveremos algunhas conmemoracións de obrigado cumprimento, e recollidas todas elas na Orde de calendario escolar para o presente curso académico (Día de Rosalía, Día da Paz, Día contra a Violencia de Xénero, entre outras).

No referente á **organización espacial** sinalar que os nenos se sentarán neste curso escolar, dada a problemática sanitaria que estamos afrontando, de maneira individual e mantendo as distancias de seguridade de mínimo 1,2 m de distancia interpersoal que recollen as instrucións ditadas pola Consellería para o actual curso académico 2021/2022. Ademais, tendo en conta tal protocolo, as clases das especialidades (inglés, música…), realizaranse na aula ordinaria, a excepción de informática e educación física (que se levará a cabo ao aire libre, na medida do posible)



En canto á **organización temporal** dicir que para levar a cabo as tarefas partiremos do principio de flexibilidade, este permitirá adaptar os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos/as, tendo en conta o tempo que debemos adicar a cada actividade atendendo ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, para as diferentes áreas do currículo, que no caso de segundo curso de primaria, tal e como se recolle no anexo IV do Decreto 105/2014, do 4 de setembro é o seguinte:

<table>
<tr><th>Disciplinas</th><th colspan="2">Materias</th><th>Horas semanais</th></tr>
<tr><td rowspan="5">Troncais</td><td colspan="2">Ciencia da natureza</td><td>2</td></tr>
<tr><td colspan="2">Ciencias Sociais</td><td>2</td></tr>
<tr><td colspan="2">Matemáticas</td><td>5</td></tr>
<tr><td colspan="2">Lengua Castellana y literatura</td><td>4</td></tr>
<tr><td colspan="2">Lingua estranxeira (inglés)</td><td>2</td></tr>
<tr><td rowspan="4">Específicas</td><td colspan="2">Educación física</td><td>2</td></tr>
<tr><td colspan="2">Valores sociais e cívicos/ relixión</td><td>2</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Educación artística</td><td>Música</td><td>1</td></tr>
<tr><td>Plástica</td><td>1</td></tr>
<tr><td>Libre configuración autonómica</td><td colspan="2">Lingua Galega e literatura</td><td>4</td></tr>
<tr><td colspan="3">Total horas lectivas semanais</td><td>25</td></tr>
</table>

A maiores do anterior, sinalar que a organización do tempo atenderá aos criterios anteriores pero debemos destacar que parte destas sesións se dedicarán tamén á hixienización de mans (á entrada e saída das aulas, para saír ao recreo…), tamén ao lavado de mans (antes das comidas), desinfección de mesas para a merenda dentro de

cada aula (e así poder garantir a distancia de seguridade), cambio de máscaras…co cal é probable que a temporalización dos contidos se vexa afectada e poida sufrir algunha modificación. A pesar do anterior, o horario quedaría da seguinte maneira

| | **LUNS** | **MARTES** | **MERCORES** | **XOVES** | **VENRES** |
|---|---|---|---|---|---|
| 1ª | LINGUA GALEGA | MATEMÁTICAS | CIENCIAS NATURAIS | MATEMÁTICAS | RELIXIÓN VALORES |
| 2ª | MATEMÁTICAS | LENGUA CASTELLANA | MATEMÁTICAS | LENGUA CASTELLANA | MATEMÁTICAS |
| 3ª | LENGUA CASTELLANA | INGLÉS | EDUCACIÓN FÍSICA | LINGUA GALEGA | MÚSICA |
| **RECREO** | | | | | |
| **LECTURA** | | | | | |
| 4ª | CIENCIAS SOCIAIS | LINGUA GALEGA | LENGUA CASTELLANA | INGLÉS | LINGUA GALEGA |
| 5ª | EDUCACIÓN FÍSICA | RELIXIÓN VALORES | CIENCIAS SOCIAIS | CIENCIAS NATURAIS | PLÁSTICA |

Por outro lado, sinalar que de ter que desenvolver a **actividade lectiva de maneira non presencial** optaremos polo envío de traballos para realizar a través dos medios consensuados coas familias (correo electrónico, información das tarefas mediante abalar…) e a corrección das mesmas por parte da titora, unha vez as familias reenvíen os documentos a través dos medios citados. Destacar ademais que a titora manterá un contacto continuo e un seguimento do traballo diario co alumnado e familias.

## 7. AVALIACIÓN

Tendo en conta a normativa vixente que fai referencia á avaliación: a Orde do 9 de xuño de 2016, *pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, a LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, *para a mellora da calidade educativa*) a cal, modifica parcialmente á LOE (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, *de Educación*), o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, *polo que se establece o currículo na etapa de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, *pola que se establecen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na etapa de educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*, a función da avaliación é valorar os procesos de aprendizaxe e resultados do alumnado, a actividade do profesorado e o proceso de ensinanza.

A avaliación constituirá o referente fundamental para valorar o traballo do enfoque competencial, é dicir, o grao de adquisición das competencias clave do alumnado, e servirá ademais para detectar deficiencias durante todo o proceso e introducir as medidas de reforzo precisas. O referente específico para avaliar estas aprendizaxes son os criterios de avaliación, os cales marcan o grao en que se adquirirán as competencias e o logro dos obxectivos; e os estándares de aprendizaxe que son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer.

Os diversos **tipos de avaliación** que se empregarán en cada tarefa serán os seguintes:

- Avaliación inicial, realizarase ao comezo para valorar os coñecementos previos, capacidades e actitudes do alumnado. Ademais axudará a adecuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás súas posibilidades e necesidades.
- Avaliación procesual: realizarase ao longo de todo o proceso de ensinanza-

aprendizaxe. Ten carácter formativo, regulador e orientador, e permitirá determinar as dificultades que poden aparecer co obxectivo de introducir cambios precisos.

- Avaliación sumativa ou final: valorarase o dominio das capacidades adquiridas e realizarase unha estimación final do progreso de cada neno/na.

Por outro lado, non debemos esquecer que a avaliación está dirixida á mellora da aprendizaxe dos estudantes, polo que debe poñer especial énfase nos procesos que se levan a cabo; seleccionando aquelas técnicas e instrumentos que contribúan á construción permanente de aprendizaxes. Enténdese por técnicas os métodos a través dos cales se leva a cabo a recollida de información sobre a adquisición das competencias, o dominio dos contidos ou o logro dos obxectivos, criterios e estándares das diferentes áreas.

Ademais do anterior, dicir que os instrumentos son o medio mediante o cal se obtén información (o máis obxectiva posible), servindo como soporte físico para a recollida de información sobre as aprendizaxes dos estudantes. Ao longo desta programación empregaranse diferentes técnicas de avaliación cos seus correspondentes instrumentos:

- **Técnicas de observación.** Teñen como obxectivo a avaliación do desenvolvemento da aprendizaxe en calquera momento da avaliación continua; través das que se percibirán os coñecementos, habilidades e actitudes. Empregaranse diversos instrumentos como: listas de control, escalas de observación, rexistro anecdótico e rúbricas.
- **Situacións orais de avaliación.** Teñen como obxectivo a avaliación do alumnado mediante actividades relacionadas coa expresión oral, a lectura, a comunicación, o vocabulario, a fluidez ou o razoamento. Para a avaliación do alumnado, faranse rutinas, preguntas diarias, entrevistas, diálogos e coloquios en diferentes momentos e situacións que o requiran.

- **Controis / fichas escritas.** Aquelas que o alumnado debe realizar de forma escrita e que estarán relacionadas co desenvolvemento de diferentes obxectivos ou competencias. Para isto, empregaranse fichas que servirán para saber se o alumnado acadou os obxectivos en cada área.
- **Exercicios con carácter máis práctico.** Aqueles que teñen como obxectivo a posta en práctica dos diversos coñecementos, habilidades e actitudes adquiridos por parte do alumnado. Empregaranse así, diversos exercicios ao longo do curso, que o alumnado realizará de xeito autónomo, tendo ao mestre como guía.
- **Entrevistas.** Recollen información dos aspectos máis difíciles de avaliar nos alumnos/as (situacións persoais, familiares…), que son moi útiles cando se da unha boa comunicación cos pais e serven como unha ferramenta fundamental para poder paliar ou previr, o máis rápido posible, calquera carencia/problemática que poida xurdir e que poida repercutir no rendemento académico do alumnado.

❖ **AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

Para avaliar a propia praxis docente utilizaremos como instrumento principal uns Indicadores de logro tomando como punto de referencia unha serie de ítems que se completarán en función da adquisición ou non dos criterios establecidos para podernos autoavaliar como mestres. Algúns deses criterios son:

- Manter comunicación periódica co equipo docente, familias e demais membros da comunidade educativa.
- Axustar a práctica docente ás diferentes características, necesidades e ritmos do grupo-clase.
- Detectar as dificultades e problemas que poidan xurdir e dar unha resposta axeitada e o na maior brevidade posible.
- Garantir o cumprimento da presente programación e, de ser necesario, realizar os

cambios oportunos para a súa mellora.

❖ **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Como toda práctica educativa, esta programación deberá ser tamén avaliada, unha vez se remate o curso académico 2021/2022. Os criterios que empregaremos para iso serán os seguintes:

- Garantir a coherencia entre os diferentes elementos curriculares.
- Empregar a metodoloxía axeitada para garantir un correcto proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilizar os diferentes recursos (materiais, humanos…) no momento oportuno.
- Fomentar a coordinación entre o profesorado que imparte na aula.
- Realizar unha avaliación para axustar a programación ás caracterísitcas do grupo-clase á que vai destinada.
- Empregar de xeito coherente e constante diferentes técnicas e instrumento sde avaliación para fomentar a obxectividade da avaliación.
- Levar a cabo un intercambio de información de xeito habitual entre as familias e o profesorado.

**Técnicas e Instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe presencial:**

| TÉCNICAS | INSTRUMENTOS | MOMENTO |
|---|---|---|
| Observación directa. | Listas de control.<br>Rexistro anecdótico. | En todo momento. |
| Revisión das tarefas. | Guía e fichas para o rexistro. | Habitualmente. |
| Controis. | Preguntas secuenciadas acorde os contidos a avaliar | Cando o docente considere oportuno |
| Entrevistas | A propia entrevista | Cando sexa necesario |

### Técnicas e instrumentos para a avaliación do proceso de E-A non presencial:

| TÉCNICAS | INSTRUMENTO | MOMENTO |
|---|---|---|
| Revisión das tarefas. | Guías e fichas para o rexistro. | Habitualmente. |

## 8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### APRENDIZAXE PRESENCIAL

Neste caso para avaliar cada unha das materias teremos en conta varios aspectos:

| CRITERIO | PORCENTAXE |
|---|---|
| Cumprimento das normas | 10% |
| Participación, esforzo e motivación | 10% |
| Realización e entrega das tarefas | 20% |
| Consecución dos contidos específicos | 60% |

### ❖ OBSERVACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE APRENDIZAXE PRESENCIAL

- En canto á **realización e entrega de tarefas** terase en conta as fichas e exercicios escritos, outras actividades da aula, libros e cadernos. Valorarase: a realización e corrección dos exercicios, limpeza, claridade, orde e caligrafía.
- No tocante á **consecución dos contidos específicos,** levarase a cabo a súa valoración mediante unha observación diaria das intervencións orais e coas actividades escritas específicas, así como coa realización de fichas-controis.
- No referente ao **cumprimento das normas**, mediante unha observación directa e

diaria valorarase se o/a alumno/a é ordenado/a na aula e coida o material, atende ás instruccións para realizar o traballo e se ten un comportamento axeitado atendendo ás normas básicas de convivencia.

- No tocante á **participación, esforzo e motivación**, a través dunha observación directa e diaria valorarase se o alumnado ten unha actitude positiva cara ás tarefas, realiza preguntas e intervencións orais, presenta o traballo ordenado e se se esforza por mellorar.

**APRENDIZAXE NON PRESENCIAL**

No caso de ter que levar á práctica a aprendizaxe non presencial, os criterios de cualificación pasarán a ser os seguintes:

| CRITERIO | PORCENTAXE |
|---|---|
| Realización e entrega das tarefas en prazo | 50% |
| Orde, limpeza e claridade | 30% |
| Correcto desenvolvemento das tarefas e dominio dos contidos a avaliar | 20% |

❖ **OBSERVACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE NON PRESENCIAL**

- En canto á **realización e entrega de tarefas**, teranse en conta todas as actividades propostas que poden ser: fichas, exercicios dos libros e cadernos, actividades dixitais... Valorarase: a realización e entrega na data proposta.

- No referente á **orde, limpeza e claridade** terase tamén en conta a caligrafía.

- No referente ao **correcto desenvolvemento das tarefas: dominio dos contidos**, valorarase a boa realización dos exercicios, aplicando os contidos xa traballados.

Por último, no caso de que ao longo do curso se teñan que utilizar ambos tipos de ensinanza (presencial e non presencial), primará e terase en conta en maior proporción a primeira. Concretamente e ensinanza presencial suporá un 70% do total da nota e, non presencial, o 30% restante (tendo en conta proporcionalmente a temporalización trimestral de cada unha delas).

## 9. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Seguindo a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

No caso do noso centro (e tal e como se recolle na PXA) os criterios de promoción/titulación que se recollen son os seguintes:

- ❖ A non superación da área de matemáticas e unha das dúas linguas (ben sexa lingua castelá ou lingua galega). É dicir, un alumno/a que suspende as matemáticas e lingua castelá ou as matemáticas e lingua galega non poderá promocionar.
- ❖ Tampouco promocionará aquel que teña tres ou máis materias suspensas e, polo tanto, non acaden os obxectivos destas áreas (independentemente de cales sexan).

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade convértese no principio fundamental da ensinanza básica, isto reflíctese nos artigos 1 e 4 da LOMCE e tamén no artigo 15 do Decreto 105/2014.

Tendo en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, levaremos a cabo medidas preventivas e compensadoras para dar unha resposta axeitada ao grupo de alumnos/as con necesidades de formación moi diversas.

Para iso teremos que partir da realidade do noso grupo de alumnos e alumnas que, no caso de segundo (no curso académico 2021/2022), contamos con 22 educandos e caracterízase por ser un grupo mixto e equilibrado en canto ao número de rapaces e rapazas. Ademais do anterior destaca por ser un grupo bastante cohesionado entre si, a pesar de que conta con 3 alumnos repetidores e 2 discentes incorporados novos no grupo este ano (que se integran perfectamente e sen apenas dificultades co resto de nenos e nenas).

A maiores do xa mencionado, debemos sinalar que existen varios discentes con dificultades de aprendizaxe (varios deles especialmente nos contidos vinculados coa lecto-escritura e comprensión oral e escrita) e algúns con capacidades superiores ao nivel xeral do grupo. É por iso que, ademais das medidas ordinarias que se aplicarán na aula (e as extraordinarias no caso de ser necesarias), realizaremos con estes estudantes as actividades e tarefas de reforzo ou ampliación (dependendo da casuística) que permitan un adecuado seguimento do proceso de E-A ofrecendo, deste xeito, unha resposta axustada ás necesidades atopadas en cada un deles e delas.

A maiores de todo o anterior, debemos sinalar que algunhas das medidas que

levaremos a cabo para tentar atender á diversidade da aula son as seguintes:

- Fomento da atención individualizada, debemos detectar e coñecer as características do alumnado, motivacións, intereses e estilos de aprendizaxe para poder aplicar medidas de reforzo adecuadas.
- A través da titoría, traballaranse diferentes técnicas de estudio que axuden a mellorar o rendemento e o fracaso escolar, e que faciliten o proceso de memorización e estudio (normas, trucos...). Estas técnicas serán comunicadas ás familias para que as traballen cos nenos/as de forma conxunta co centro.
- Adaptando as actividades ás características dos alumnos/as, realizando actividades de reforzo para o alumnado que non acade os obxectivos mínimos e actividades de ampliación para seguir ampliando coñecementos.
- A través de materiais didácticos non homoxéneos, estes ofrecerán unha ampla gama de actividades didácticas que responderán a distintos graos de aprendizaxe.
- Adaptando a organización espazo-temporal, organizaremos a aula para que o alumnado poda desenvolverse autonomamente tendo en conta as súas condicións e posibilidades (**e sempre tendo como prioridade a situación sanitaria que nos atinxe e tomando como referencia as instrucións establecidas pola Consellería sobre estes aspectos organizativos**). Sinalar tamén que se flexibilizarán os tempos á hora da realización de actividades.
- Adaptando as actividades aos diferentes ritmos do alumnado, segundo o tipo de actividade e os ritmos dos nenos/as, favoreceremos a capacidade de aprender por si mesmos.

De feito, a LOMCE, no artigo 71, ao igual que o artigo 16 do mencionado Decreto 105/2014, do 4 de setembro e o artigo 32 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, *polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de*

*Galicia*, fala de alumnos/as con NEAE para referirse a aqueles nenos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais (NEE), por dificultades específicas de aprendizaxe, por TDAH (trastorno por déficit de atención e hiperactividade), polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar (terminoloxía que varía coa actual entrada da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), para que poidan acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e lograr así os obxectivos e competencias de etapa (xa especificados con anterioridade).

Como peza clave no proceso de identificación e tratamento deste alumnado cóntase co asesoramento do Departamento de Orientación do centro, regulado polo Decreto 120/1998, do 23 de abril, que orientará todo o proceso asesorando tanto ao alumnado, profesorado como ás familias.

No noso centro o departamento de orientación estará formado pola orientadora (compartida con outros centros da zona), a mestra de Pedagoxía Terapéutica e a docente especialista en Audición e Linguaxe que traballarán conxuntamente cos titores, familias… co fin de atender ao principio de atención á diversidade e así tentar dar unha resposta eficaz e o antes posible ás diferentes necesidades atopadas en cada un dos nenos e nenas en cuestión.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica e coñecidas cales son as necesidades e características dos educandos, levaranse a cabo unha serie de medidas que poden clasificarse en ordinarias e extraordinarias (recollidas todas elas no PXAD).

## 11. TEMPORALIZACIÓN

O contidos das diferentes materias distribuiranse ao longo de tres trimestres, tal e como se recolle na Orde do 19 de maio de 2021, *pola que se aproba o calendario*

*escolar para o curso académico 2021/2022 nos centros docentes público da Comunidade Autónoma de Galicia*, dividíndose do seguinte xeito:

| LINGUA GALEGA, CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS | |
|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | Unidade 1.- Faise saber... |
| | Unidade 2.- Coas mans na masa |
| | Unidade 3.- Que me contarías? |
| | Unidade 4.- Poesía no Nadal |
| **2º TRIMESTRE** | Unidade 5.- Noticia sobre a paz |
| | Unidade 6.- Queremos saber |
| | Unidade 7.- A sombra das árbores |
| | Unidade 8.- Un paseo polo meu lugar |
| **3º TRIMESTRE** | Unidade 9.- A, be, ce, de... |
| | Unidade 10.- Celebramos a nosa festa |
| | Unidade 11.- Viaxamos no tempo |
| | Unidade 12.- Últimos días na escola |

| MATEMÁTICAS | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | Unidade 1.- Nos divertimos |
| | Unidade 2.- Aprendemos jugando |
| | Unidade 3.- Pequeñas investigaciones |
| | Unidade 4.- Descubro y aprendo |
| 2º TRIMESTRE | Unidade 5.- Curiosidades matemáticas |
| | Unidade 6.- Juegos matemáticos |
| | Unidade 7.- Matemáticas en la naturaleza |
| | Unidade 8.- Matemáticas a mi alrededor |
| 3º TRIMESTRE | Unidade 9.- Matemáticas con tus manos |
| | Unidade 10.- ¡Eres genial! |
| | Unidade 11.- Mi propia historia |
| | Unidade 12.- Érase una vez... |

| LENGUA CASTELLANA | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | Unidade 1.- ¡Estamos en fiestas! |
| | Unidade 2.-¡Qué rico! |
| | Unidade 3.- En busca de respuestas |
| | Unidade 4.- Voy a ser... |
| 2º TRIMESTRE | Unidade 5.- ¡SOS, animales en peligro! |
| | Unidade 6.- En busca de la noticia |
| | Unidade 7.- ¡La vida nos rodea! |
| | Unidade 8.- Nuestro planeta...¡un tesoro! |

| | |
|---|---|
| 3º TRIMESTRE | Unidade 9.- ¡Descifra el mensaje! |
| | Unidade 10.- ¡Qué grandes! |
| | Unidade 11.- La línea de mi vida |
| | Unidade 12.- ¡Soy protagonista! |

## 12. MÍNIMOS ESIXIBLES

- **Área de Lingua Galega e Literatura:**
  - Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos.
  - Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula.
  - Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
  - Elabora un texto con coherencia xeral e de xeito creativo.
  - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, prestando especial atención ao uso das maiúsculas.Valora a literatura en lingua galega como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

- **Área de Lingua Castelá e Literatura:**
  - Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual.
  - Identifica o tema dun texto sinxelo.
  - Le coa fluidez axeitada textos adaptados ao nivel.
  - Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social.
  - Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel.
  - Valora de forma global textos propios da literatura infantil.

- **Área de Matemáticas:**
  - Le, escribe e ordena números ata o 999.
  - Realiza series tanto ascendentes como descendentes.
  - Descompón e compón números naturais interpretando o valor de cada unha das súas cifras.
  - Identifica os números pares e impares.
  - Realiza operacións de suma levando, resta levando e inicio á multiplicación.
  - Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais.
  - Coñece a función e valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
  - Coñece os diferentes tipos de polígonos.
  - Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.

- **Área de Ciencias Naturais**
  - Identifica e describe as partes do corpo humano.
  - Recoñece a respiración e nutrición como funcións vitais.
  - Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
  - Explica a diferenza entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
  - Identifica e describe animais e plantas do seu contorno.
  - Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno.
  - Coñece os oficios das persoas do seu contorno.

- **Área de Ciencias Sociais:**
  - Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema.
  - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.

- Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.
- Describe accións da cidadanía que desembocan nunha convivencia pacífica.
- Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence.
- Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro e como peón nos medios de transporte.
- Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.
- Recoñece os museos e os sitios arqueolóxicos como espazos culturais.

- **Área de Educación Plástica:**
  - Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
  - Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
  - Practica con precisión o recorte, pegado, pintado...
  - Identifica as cores presentes nunha obra.
  - Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario e afectivo.
  - Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.

- **Área de Valores Sociais e Cívicos:**
  - Detecta en si mesmo sentimentos negativos e emprega estratexias para transformalos.
  - Recoñece e identifica as emocións propias.
  - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
  - Participa con interese na resolución de problemas escolares.
  - Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
  - Establece relacións amigables, baseadas no intercambio e no afecto.

## 13. CONCLUSIÓN

Non debemos esquecer que ao longo da programación non se procurará unicamente transmitir contidos curriculares, senón que ademais contribuiremos á formación persoal do noso alumnado, é dicir, preparamos a cidadáns capaces de expresarse e desenvolverse autonomamente na sociedade que lles tocou vivir.

Como docentes debemos atender á psicoloxía evolutiva dos nenos e nenas da etapa de educación primaria, a cal procura a evolución do alumnado a nivel cognitivo, motriz e afectivo-social. Isto é, debemos coñecer as etapas evolutivas, dende as etapas iniciais ata as etapas finais para poder dar unha resposta axeitada ás distintas características, necesidades, intereses e motivacións dos discentes.

Debemos ter en conta a "nova normalidade" na que estamos inmersos debido á pandemia, por este motivo trataremos de ser especialmente comprensivos co alumnado dentro da aula e a nivel de centro, xa que os medos afloran e máis tratándose de nenos e nenas de curta idade, como ocorre no caso de segundo.

Cómpre ter en conta tamén esta situación á hora de impartir e esixir contidos curriculares; ademais de contar cos materiais oportunos e estar preparados para supostos nos que haxa que acudir ao proceso de ensinanza-aprendizaxe non presencial.